Sra. Louzao Vieitez (PsdeG-PSOE): Vimos a esta sesión ordinaria na que xa o Sr. Alcalde fixo unha serie de modificacións á Orde do Día, e gustaríanos que fose dentro da orde do día, posto que nun mes hai cabida suficiente para facelos. Pero tamén falando de procedementos, queremos facer referencia que no Pleno pasado neste mesmo apartado de Rogos e Preguntas solicitamos da Corporación que nos fixesen chegar o calendario de desbroces e a planificación do bacheo que estaban a punto de elaborar. Simplemente queremos deixar constancia de que non se nos entregou e preguntar a que responde que non

se entregasen estes calendarios.

Sr. Alcalde: Parece que unha vez máis a memoria é moi selectiva. Desculpamos que vostede leva pouco na Corporación, entrou a metade do mandato anterior. Imos intentar diferenciarnos do goberno anterior na xestión, polo menos diferenciarnos, pero dunha maneira máis transparente, máis clara que é o que non estaba facendo. Para exemplo do que non se debe facer xa estiveron estes catro anos. Polo tanto imos tomar as cousas en serio, imos tentar sacar adiante os problemas que vostedes nos deixaron, nunha situación delicada, e nesa liña temos unha planificación de goberno. Creo recordar que o ano pasado solicitamos varias veces ese calendario de desbroces e a resposta lóxica e normal e que calquera documentación que necesiten está a disposición neste concello. Nós non imos facer ningún tipo de control da actividade da oposición. Nós temos ese documento que o manexa o concelleiro do rural, estamos traballando cun calendario practicamente moi parecido ao que viña traballando a Concellería do Rural anterior, polas épocas nas que nos atopabamos e pola chegada do verán que é cando máis se intensifica o traballo e polo tanto estamos acometendo ese calendario de bacheos en función das necesidades, a situación na que estean as pistas e tamén das actividades que se vaian desenvolvendo en cada unha das parroquias; esas son as premisas, e a partires de aí estamos intentando cubrir as necesidades que hai en todas as parroquias. E como lle dixen antes: se vostede ten calquera dúbida, aí ten a Concellería do Rural e en calquera concellería transparencia total e absoluta, de feito, non de palabra como aconteceu nos últimos anos.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Dicía vostede que entrei mediada a lexislatura pasada. É certo, teño memoria diso, efectivamente, pero tamén teño memoria máis recente e non selectiva de que preguntei cal era o sistema para alcanzar certa información dentro deste Concello. E non sei, ao mellor porque eu son algo “pardilla” en política, pero entón de “pardilla” a “pardillo” tamén lle podo dicir que neste mesmo Concello xente do seu equipo me dixo que “ningún problema, total dispoñibilidade”, mentres outros me dicían: “non, solicítese por escrito e xa llo daremos nós”. Entón, non sei se solicitando neste Pleno ten validez ou non ten validez. Son de letras pero escritos sei facer, se o teño que solicitar por escrito, solicítase, non temos ningún problema. Pero pedímosllo non a capricho, vostede dicía “estamos desbrozando de acordo a prioridades de festividades como se viña facendo; home, como se viña facendo tampouco, e puido velo vostede a fin de semana pasada cando acudiu á festa a Requián. Puido velo cando para acceder a esa festa viu os camiños sen desbrozar, cando os centos de romeiros que subiron dende Frades que é a propia parroquia de Requián, tiveron que facelo polo medio da estrada, pois os foxos e as beiravías estaban sen desbrozar. Tamén sen irnos da mesma parroquia, unha semana antes, festas parroquiais en Frades: unha aldea completa sen desbrozar. Home, ata onde eu sei creo que ten unha especial relación con Frades de certas promesas completas que ten por aí feitas pero o certo é que unha aldea completa quedou sen desbrozar. Á semana seguinte viña Requián, a subida quedou sen desbrozar. Entón, non me diga que se vén facendo seguindo esas prioridades porque non é certo e nós no pasado Pleno advertimos que estaba sucedendo isto, había parroquias e aldeas completas que quedaban sen desbrozar. Pero non sei, ao mellor considerou vostede que eran da oposición hostil e non nos fixo caso, e nós só lle estabamos dicindo que estaba sucedendo isto, igual que llo estamos dicindo hoxe: continúa sucedendo isto. Sabemos a través dos medios de comunicación que algúns veciños puxeron denuncias, xa se puxo remedio pero está sucedendo iso. No pasado Pleno poñíamos no seu coñecemento que lle solicitase á Deputación que limpase certas vías da súa propiedade porque estaban sen limpar. Hai que engadir tamén neste Pleno (supoño que o estará vendo, e membros desta Corporación tamén o poderán ver igual que o vin eu), a estrada de saída cara Santiago (estrada da Xunta), en determinados cruces non se ve absolutamente nada nin á dereita nin á esquerda porque a maleza invade os cruces. Entón, pedímoslle que lle insistan á Xunta para que o veñan limpar. Estamos de acordo que brigadas do Concello limpasen áreas desa estrada, podemos estar de acordo, aínda que lle tocase á Xunta, que o fixesen vostedes con fondos do Concello, pero tamén hai que pedirlle a cada quen o que é o seu. Non facemos isto por capricho, dínno-lo veciños que está sucedendo isto que nunca sucedeu, poñémolo simplemente no seu coñecemento. O que pasa é que se o considera

vostede hostilidade, vostede verá, pero a nosa función é chegar a este Pleno o que os veciños nos trasladan, o que fixo a oposición sempre neste Concello, non se se vostede xa o esqueceu. Co que insistimos; dime vostede ten que ir ao departamento, non hai problema, iremos ao departamento para confirmar e comprobar que está pasando, porque igual que nesta parroquia que acabo de citar sucedeu noutras, e o único que queremos é que se solucionen os problemas, nada máis, non é a capricho que nós lle pediamos ese listado, polo tanto tamén nos gustaría que vostedes nos definan cal é o procedemento que temos que facer para ter contestación, pois se o seu voceiro nos di unha cousa e nos departamentos me din outra, o secretario municipal me di outra e vostede me di outra, serei “pardilla” pero de “pardilla” a “pardillo” Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: ¿A pregunta era? Porque me perdín con toda a disertación súa, ou dígame se era un rogo.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Hai dous anos que levo aquí e que aprendín que para facer unha pregunta hai que argumentar, e entón foi unha argumentación. As preguntas foron as mesmas: criterios de desbroces; como temos que facer para conseguir esa información; e que van facer vostedes con respecto a estas aldeas que quedaron sen desbrozar ou ós accesos a estas aldeas que quedaron sen desbrozar.

Sr. Alcalde: Se levamos dende o 11 de xuño tendo responsabilidades de goberno neste Concello e o único que ten que dicir vostede dos desbroces que leva feitos este goberno, dunha pista puntual como é a de Requián, pódolle dicir que presento a renuncia satisfeito do que estamos facendo porque levamos desbrozando por todas as parroquias do Concello da Estrada; tivemos as brigadas do Concello traballando “full time”; tivemos unha brigada da Deputación traballando arreo para ter as pistas totalmente limpas; tivemos outra brigada limpando todas as pistas de concentración do Val de Veá 1 e Val de Veá 2, traballo que tiñan que ter feito vostedes e non fixeron, quérollo recordar, e tivemos que facer esforzos adicionais para limpar esas pistas para que esta mesma semana a empresa Taboada e Ramos fixese a concentración parcelaria. Iso é o que está facendo este goberno, o que non fixo o goberno anterior. Polo tanto, nós despois de todo este traballo, despois de toda a coordinación, de ter que poñernos ao tanto de toda a situación que deixaron vostedes, fixemos un merecedor traballo, e dende logo quero agradecer o traballo feito polas brigadas de desbroces do Concello e por todo o persoal que leva facendo un esforzo por ter o rural creo que mellor ca nunca. É certo que algún veciño en Requián me trasladou o problema da pista, non sei se viu vostede como estaba a parroquia, se vostede está negando que houbo unha brigada de desbroce na parroquia de Requián, entón é que a súa “pardillez” política traspassa límites insospeitados, é bastante máis do que eu tiña calibrado, porque estivo desbrozado e toda a parroquia está desbrozada. O campo da festa de Requián desbrozouse a man polas brigadas do Concello; evidentemente, puido haber algún problema porque a persoa que fixo ese desbroce no que é a pista de subida aos Milagres de Requián deu unha única pasada co tractor porque estaba escaso de tempo e non tiña máis posibilidades, pero fíxose dentro das posibilidades un traballo óptimo e cos nosos recursos fíxose o mellor posible. De todos os xeitos, pódolle asegurar que houbo festas en moitas parroquias, practicamente en todas as parroquias do Concello da Estrada e alí estiveron as brigadas do Concello intentando atender todas e cada unha das demandas que tiñamos por parte dos veciños. Polo tanto, se iso é o único que ten que dicir, de forma velada está facendo un recoñecemento tácito á acción de goberno.

Con respecto á documentación, vostede tivo unha parte activa na última parte do mandato do Sr. Dono e sabe perfectamente como funciona isto. Eu non creo que vostede tivese ningunha queixa de que non se lle dea a documentación. Se teñen algunha queixa, terán que facer como fixo o PP. Eu recórdolle que o PP estivo esperando por información durante meses, non días; polo tanto supoño que vostede non esquecerá iso e nós intentaremos darlle a maior información posible e necesaria para facer o traballo de oposición. De todos os xeitos pódolle asegurar que vostedes teñan a ben sacar eses pequenos defectos dunha xestión de todo o que levamos feito, esa é a maior crítica que ten vostede, unha parte dunha pista que quedou sen desbrozar..., polo tanto creo que nos podemos sentir satisfeitos do que se está facendo.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Moi ben, nós só queríamos deixar constancia do que está a suceder, solicitamos por escrito que tamén tardaron en dárnolo e non dixemos nada ao respecto. Simplemente fixemos notar cousas que estaban sucedendo, cousas que son a nosa obriga trasladar o que os veciños nos din que están sucedendo.*

Sr. Alcalde: *Imos ver, eu dixen que o calendario de desbroces nin llelo demos nin llelo imos dar; nós tampouco o tivemos nunca, neste Concello nunca se lle deu o calendario de desbroces á oposición. Nin o tivemos nin llelo imos dar a vostedes. É unha ferramenta interna que o Concello utiliza para dar un servizo, que nós utilizamos como goberno para xestionar ese servizo, non creo que sexa obxecto nin necesario que a oposición teña ese documento. Polo tanto, calquera documento de xestión interna que nós utilizemos é un instrumento de traballo e xestión do goberno local, como foi ata o de agora durante catro anos. Polo tanto, non creo que lles estrañe agora que non teñan nin ese nin outros moitos das estratexias que pode poñer en marcha este goberno.*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Pois vostede verá o goberno que quere levar adiante. Como dicía, temos máis temas, máis achegas que nos fan os veciños. Unha delas, e vostede coñécea ben, sabe que estes días instalouse a carón do Concello a Unidade de Detección Precoz do Cancro de Mama, un servizo que dá un servizo moi importante ás mulleres para facer esa revisión, e o único que lle pedimos é que dignifique a asistencia destas mulleres aí. Tense falado outras veces, de trasladalos a outro lugar, entendemos que por razóns de conexións ao propio autobús ou polo que sexa, pero sabemos que no día de onte houbo bastante chuvia, e nese caso estaba pechado, pero a partires de agora é previsible que vaia chover, polo que solicitamos deste Concello que se dignifique a asistencia das mulleres a este servizo de saúde, e que se non, se considere o seu traslado a un lugar onde as mulleres poidan agardar sentadas, teñan un acceso a un baño público e demais, que como mínimo se lles facilite o resgardarse da chuvia e un sitio para sentar. Non sei se a Policía Local autoriza a colocación dunha jaima, se se pode considerar o seu traslado a outro lado ou non. Simplemente, xa se ten falado noutra ocasión, se podemos trasladalo a outro lado mellor. Polo tanto rogamos a este goberno que valore esa opción de dignificar un pouquiño a agarda destas mulleres aí.*

Outro rogo que inclúe unha pregunta: tamén se ten falado neste Pleno da situación que está a acontecer na ponte de Pontevea, dos andamios que se atopan aínda no río. Vostedes recordan que xa se instou á Xunta que os retirase e dixo que o faría cando o caudal do río o permitise, nos meses do verán que é cando o caudal está máis baixo. Pero eses meses están a acabar e os ferros seguen aí. Segue habendo xente que se vai bañar aí e segue sendo un problema, polo que pregamos que o Concello se dirixa á Xunta para ver cando os van sacar de aí.

Tamén pregamos que se nos acheguen as copias das actas da Xunta de Goberno Local, posto que supoñemos que, por distintos motivos, levan sen achegárenos as últimas actas. Dende o día 1 de agosto non temos máis coñecemento, e polo tanto non podemos saber que se levou e que non á Xunta de Goberno Local. Agradeceríamos que se puxesen ao día e se entreguen na medida das posibilidades.

E tamén nos gustaría preguntar a este goberno cal é a razón que xustifica que, se ben todos sabemos que é costume que por decreto da Xunta se saca un calendario polo que hai que achegarlle os festivos locais dos distintos concellos no mes de setembro, polo tanto é un acordo que se debe tomar en Pleno e habitualmente vén ao Pleno do mes de setembro, e gustaríanos coñecer porque non se trouxo iso ao Pleno do mes de setembro.

Neste momento auséntase o Concelleiro Sr. Otero Espiño.

Sr. Alcalde: *En relación a esta última pregunta e algún dos seus rogos, creo que sufrimos algo de amnesia ou o tempo na oposición pasa moi lento, que tamén llo digo que é así, eu vivino catro anos e a verdade é que o tempo na oposición pasa moi lento; un mes parece un*

ano, pero levan dous meses nada máis na oposición, quédanlles catro anos case enteiros de estar nesa bancada da oposición. E é certo que sei que son un goberno eficaz e eficiente, pero o que non poden é pedir que en dous meses fagamos o que vostedes non fixeron en catro anos. Vostedes acaban de abandonar un goberno e deixaron dende hai un ano uns andamios metidos dentro dun río e non fixeron absolutamente ningunha xestión. Tiveron a oportunidade de gobernar e a unidade do cancro de mama diante do Concello e non vin eu que vostede fixese ningunha xestión para buscar unha mellora nas condicións das mulleres que fan uso dese servizo, e catro anos dan para moito. Pero vostedes son especialistas niso, cando están na oposición, a guerrear dende o primeiro minuto, a meterse nas trincheiras e a intentar buscar a guerra que eu creo que non achega na positivo. Pero vostedes están nesa trincheira que eu creo que van por moi bo camiño para nós, como sigan vostedes desgastando e criticando ao goberno dende o primeiro minuto como fai o seu líder na oposición e fixo o Sr. Pachi Vázquez: “nin un minuto nin un segundo nin un día, hai que darlle caña ao goberno”, e eu creo que ao final se lles solucionemos os seus problemas e este goberno está polo labor de solucionarllos e polo tanto traballar nesa dirección. Sabemos que imos ter que traballar nesa dirección todos os días, un ruído un “zun zun” todos os días, da oposición, sobre todo por parte dalgún voceiro, criticando o seu traballo. Sabemos que é inevitable e polo tanto nos acostumaremos a esa música de fondo que a vostedes tanto lle gusta e nós seguiremos traballando, sabendo o que temos que facer e dende logo intentar solucionar os problemas graves que nos deixaron en herdanza en catro anos (que menos mal que foron só catro anos). E nesa liña eu creo que o tema da pregunta que vostede facía entendo que este goberno ten as súas prioridades, ten que facer o seu traballo e ten que ter un tempo prudencial para poder seguir xestionando; e nesa liña seguiremos traballando e procurando dar explicacións, procurando dar por escrito o menos posible nos plenos para facer debate e darlle participación á oposición e intentar darlle resposta ás súas preguntas, que creo que a nós é o que nos preocupa e o coherente e o ético como ten que funcionar un Concello.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Perdoe, entón, ¿por que non viñeron os festivos locais ao Pleno do mes de setembro?

Sr. Alcalde: Non viñeron, en parte importante porque vostedes non presentaron no Concello os membros do Consello Económico Social e os membros da Mesa Local de Comercio que, como sabe vostede é imprescindible para poder nomear. SE o PSOE o fixo o BNG non o fixo, comunicámoslles hoxe unha vez máis que nomeasen os membros do Consello Económico e Social e un dos temas que se van tratar aí, e está falado co propio Secretario, son os festivos locais e o proxecto da Praza de Abastos que pensamos levar tamén ao Consello Económico Social, e os membros da Mesa Local de Comercio para o seu debate. Cando vostedes teñan a ben, os partidos da oposición nomear os seus representantes neses órganos.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Só unha cousiña, só unha aclaración, e pódelle facer vostede esa pregunta ao seu voceiro. Hai un mes na Xunta de Portavoces do 2 de agosto a oposición díxolle ao seu voceiro que había que facer isto, que nos dixese o procedemento. Eu sigo agardando resposta, e ten vostede o seu voceiro ao seu lado, e comentamos este tema.

Neste momento auséntase a Sra. interventora.

Sr. Alcalde: ¿Cal é o tema que teño que comentar?

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Non sei se vostede está disperso ou se perde, igual é de ciencias; descúlpeme vostede, pero comentamos o tema dos festivos locais, tamén do Consello Económico, é máis, eu pedinlle ó Sr. Berto Blanco, pedinlle que falase vostede, (na Xunta de Portavoces de agosto), pedinlle que falase co secretario e nos dixese por favor cal era o procedemento para renovar os cargos no Consello Económico. Entón, faltar á verdade está ben, mentir está ben, pero tanto, tan descaradamente, é moito, é dicir,

comuníquense vostedes polo menos.

Sr. Alcalde: *Imos ver, Sra. Louzao, retomando o tema: a responsabilidade da renovación de membros nos órganos colexiados é responsabilidade de cada grupo municipal. Se quere facémoslle o seu traballo nós, o grupo municipal do PP nomeou os seus representantes nos órganos colexiados, o grupo municipal do PSOE, e eu creo que aí non teñen ningún tipo de dúbida, e se a teñen e o que queren realmente é nomear eses representantes saben que hai o secretario municipal que está disposto a resolverlles calquera tipo de dúbidas. Non creo que sexa nin o voceiro do BNG nin o Alcalde da Estrada o que teña que resolvelo, e paréceme bastante estraño que a estas alturas vostedes non saiban o que hai que facer para nomear representantes no Consello Económico e Social, porque é un escrito, exactamente igual ao que elaboraron vostedes para nomear os representantes nas comisións informativas, o mesmo; e fíxoo o PP e fíxoo o PSOE nas comisións informativas, excepto incluso tamén nos centros educativos excepto ao que corresponde ao Consello Económico e Social e á Mesa Local de Comercio, igual que o BNG. Non é un problema do goberno local, é un problema que llo trasladamos ao secretario e que todos os grupos nomeen os seus representantes, non poden ser convocados. Polo tanto, a resposta á súa pregunta é unha pregunta á súa resposta e é dicir: ¿que fixeron vostedes nestes dous meses, que non foron capaces nin de nomear?*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Pero ata o de agora na Xunta de Portavoces acordábase algo, pero se decidimos e acoramos unha cousa na Xunta de Portavoces, eu debo agardar resposta, non vou actuar pola miña conta. Agora se ese vai ser o proceder, ningún problema, iremos á Xunta de Portavoces e despois faremos o que nos dea a gana.*

Sr. Alcalde: *Sra. Louzao, non é un problema da Xunta de Portavoces é un problema dun proceso regulado, xa está. Creo que na Xunta de Portavoces non se acorda cales van ser os representantes do PSOE na Comisión de Economía, creo que non se produciu ese tema. Pois na Xunta de Portavoces como non se propón, dende logo trátanse temas entre grupos políticos. Sobre a representatividade que teñen que ter os grupos políticos, entre voceiros e grupos políticos e vostedes está clara, no acordo tomado no Pleno da Corporación Municipal onde se acordan os representantes de cada grupo político e polo tanto vostedes o que teñen que facer é presentar un escrito dicindo cales son os seus representantes. Está claro que vostedes están pagando a novatada de estar na oposición. Supoño que a experiencia da política de estar no goberno lles valería para estar na oposición, pero parece que non. Aceptamos esa desculpa de novatada pero póñanse as pilas e aínda que sexan oposición tamén teñen que achegar cousas a este proxecto e seguramente teñan que achegar cousas moi interesantes, pero comecen a achegar xa e non agarden e nós vaiamos a remolque porque ao final a corrente lévanos e é moi tarde para volver á beira. Polo tanto, fagan vostedes como acordaron, e me consta, co concelleiro de industria, presenten o luns que non creo que cambiase nada dende o luns ás oito da tarde á mañá cando falamos co concelleiro de industria. Presenten o luns os representantes no Consello Económico e Social, así foi o que me trasladaron a min que acordaron de nomear representante no Consello Económico e Social, con Valentín García que é o que convoca o Consello Económico e Social. [...] Dá igual, quedaron de presentar o escrito o luns.*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Non, quedamos de presentalo mañá.*

Sr. Alcalde: *Pois presénteno mañá, e convocamos a semana que vén o Consello Económico e Social.*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Pero póñase tranquilo Sr. Alcalde, véxoo a vostede moi nervioso. Se cada vez que a oposición fai unha proposición para facer unha pregunta ou un rogo, vostede vai cortarnos a palabra, e nos vai vilipendiar e machacar.*

Sr. Alcalde: *Vostede faga unha pregunta ou un rogo e cando faga unha pregunta, se teño a ben contesto; e cando teña un rogo, interveño se teño que intervir. Para rematar: traian os representantes mañá e nós convocaremos o Consello Económico e Social a semana que vén, levaremos os festivos locais e a Praza de Abastos, debateremos o que teñamos que debater,*

seguiremos os trámites oportunos, e seguiremos para adiante.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Pois iso é o que queríamos saber, pero véxoo a vostede nun estado de nerviosismo, estoulle preguntando e..., non sei. Simplemente recordar os rogos que faciamos a ver se nos facilitan, posto que no Pleno pasado dixo que “tomaban nota”, e tomarían nota, pero non sei se tomaron nota nunha verza ou en que.*

Sr. Dono López (do PSdeG – PSOE): *Só unha intervención con respecto aos andamios de Pontevea, e sen ánimo de entrar en polémica ao respecto, pero creo que era no mes de marzo, o alcalde de Teo e da Estrada chegaron a un consenso dunha carta que se enviou á Consellería de Medio Ambiente, creo que foi no mes de marzo porque é cando empeza a pesca. Polo tanto, creo que rogaría que se insistise neste argumento porque agora é o momento de facer esa retirada, que é penoso unha restauración dunha ponte medieval que ten os andamios cravados no río. Creo que é simplemente que a xestión está feita, seguramente esquecida, que xa se fixo, pero que se debería insistir para que se retiren eses andamios dunha vez.*

Sr. Alcalde: *Retomaremos ese tema e reiteraremos o escrito á Consellería para que de ser o caso retiren eses andamios.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Antes dos rogos e as preguntas que teño, dúas aclaracións: en democracia a oposición ten un papel, e igual que o goberno ten que exercer e xestionar dende o primeiro día que entra no goberno, a oposición ten que facer o seu papel dende o primeiro día que entra na oposición.*

Sr. Alcalde: *¿Ese é un rogo ou unha pregunta?.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Dúas aclaracións e despois un erro que cometeu: o BNG fixo os nomeamentos dos seus representantes; o día 29 de xullo o nomeamento do seu representante no Consello Económico e Social.*

Sr. Alcalde: *Sr. Magariños, non ten vostede a palabra, temos que establecer un criterio que é bo marcar as pautas dende o principio. Estamos na parte de control da xestión, non estamos na parte das recomendacións, estamos na parte de rogos e preguntas, vostede formulou o seu rogo ou a súa pregunta, xa lle contestarei na medida das posibilidades. Se fai un rogo vostede, pídlle por favor que se cinga ao seu contido, máis que nada a intentar marcar as formas do que son os seguintes plenos, porque imos intentar que isto sexa operativo, que os plenos funcionen dunha forma ordenada e que non haxa lugar a confusións, polo que é conveniente que vaíamos tendo claro como é o funcionamento para despois non levarnos a enganar no futuro.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Pois fágolle catro rogos. O primeiro é que teña en conta que en democracia a oposición ten un papel e ten que facelo dende o primeiro día, igual que o goberno gobernar.*

O segundo rogo é que teña en conta que o BNG con data do 29 de xullo, creo lembrar (aínda que eu non teño tan boa memoria como se falaba aquí), presentou o seu representante no Consello Económico e Social, xunto co seu representante na Fundación Cultural. Ben é certo que non o tiña presentado na Mesa de Comercio Local, entre outras cousas porque pensamos que non nos correspondía.

E agora os dous rogos que tiña preparados: O primeiro é que se limpe o coñecido como Cemiterio Civil de Figueroa, que está nun estado lamentable.

O segundo rogo é que se realicen as tarefas necesarias nas macetas que están na rúa Cal Sotelo, a rúa principal da Estrada que están en estado lamentable.

E a pregunta é se está adxudicada a obra de cuberta do Pavillón Multiusos.

Sr. Alcalde: *Os rogos serán tidos en conta. É a nosa intención e intentaremos mellorar esteticamente o que é o aspecto do casco urbano do Concello da Estrada. Está bastante deteriorado, creo que non foi un acerto, non imos entrar en detalles pero creo que non foi un acerto a fórmula de xestión que se elixiu para o mobiliario urbano, creo que o que fixo o anterior goberno co mobiliario urbano imos a procurar non repetilo, imos procurar facelo mellor e priorizar aquel mobiliario que sexa útil e esteticamente axeitado para as nosas rúas, e por iso intentaremos avanzar un plan de mellora no mobiliario no Concello da Estrada. É certo que as macetas, incluso os bolardos, tamén presentan varias deficiencias e a nosa intención é melloralo considerablemente na medida na que os fondos e os Orzamentos nolo poidan permitir. E no que respecta á cuberta do Multiusos, é un problema grave, que se nos agrava aínda máis coa herdade que vostedes nos deixaron que é a liquidación negativa do Orzamento, onde se nos caen 1.052.000 € do Orzamento Municipal para investimentos, que supoño que vostede coñecerá porque levaban vostedes a área de Facenda do Concello da Estrada. Pois trastócanos moitísimo a capacidade para poder acometer determinados investimentos, e un dos que estaba previsto era a cuberta do anexo do Coto Ferreiro.*

De feito é un tema que me parece que o PP leva reclamando dende o 2009 ao goberno anterior. Vostede, contra finais empezou a asistir aos Plenos do Concello, e supoño que lle coincidiría algún Pleno onde eu como voceiro lle pedín a aquel goberno que actuase sobre a cuberta do Multiusos, e dous anos e medio de peticións infrutuosas levaron a que hoxe o Multiusos non estea arranxado. E iso é o resultado da xestión doutra área que tamén xestionaban vostedes, que era a área de deportes e que o concelleiro no seu momento nos dicía que non podía acometela, que era imposible porque había unha sentenza pendente e que non había posibilidade de poder facelo. Ben, catro anos, dous meses... Estamos facendo as xestións e sen fondos e sen diñeiro e coas poucas posibilidades que tiñamos do que non deixaron vostedes gastado que foi practicamente nada, o único que non gastaron foi o que non podían gastar que ía a crédito e aínda por riba o crédito vai e se nos cae do Orzamento. Pois esa é a situación que temos agora mesmo e agardamos arranxalo de aquí a final de ano da mellor forma para garantir que este concello lles vai pagar aos provedores, e así o estamos facendo, aínda que algúns digan que este Concello está retrasando facturas, paradoxicamente o mesmo día que aprobamos 150.000 € de débedas que deixaron pendentes dos anos 2009-2010..., paradoxos, circunstancias da vida; pero como isto é unha carreira de fondo e ao final tantas mentiras, ao final non nos vai levar a ningún lado, o resultado é que este goberno paga na medida que ten fondos para poder liquidar e pagar, e así estamos xestionando o que temos. E a cuberta, cando as posibilidades orzamentarias e técnicas nolo permitan.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Outra pregunta, se sabe vostede cando saíu a sentenza que lle daba a razón ao Concello no tema do Pavillón Multiusos.*

Sr. Alcalde: *Descoñezo, agora mesmo non teño ese dato.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *¿Sabe vostede que o Concello non podía actuar nesa obra mentres non saíse esa sentenza?.*

Sr. Alcalde: *Esa sentenza dígolle que non se de que data é pero que posiblemente sexa de hai máis dun ano. E posiblemente se puidese ter actuado dende que o empezou a solicitar o PP a finais do 2009 ou finais do 2010, esa é a realidade. E polo tanto, xa lle digo que a nosa intención é poder actuar coa maior celeridade posible e poder solucionar unha situación que levan sufrindo os deportistas locais dende hai moito tempo. Pois pódolle dicir que a imaxe que se dá con ese Multiusos anexo ao Coto Ferreiro, dá unha imaxe bastante triste. Xa se fixo algunha actuación, parece ser que non é fácil pois é un problema estrutural, parece que non é fácil conseguir os fondos, que estamos falando dunha cantidade próxima entre quince e dezaioito mil euros, que suporía o arranxo sen garantías reais de que fose quedar perfectamente acondicionado, porque os técnicos o que si aconsellan é que para ter*

unha garantía absoluta habería que cambiar a cuberta, que ten problemas graves de filtracións. Pero sen que nos garantan a súa efectividade, un investimento de 18.000 € na situación na que estamos, como debe saber vostede é un muro insalvable a nivel orzamentario. Polo tanto, témolo presente e será unha das prioridades para solucionar unha das grandes herdanzas que nos deixou o goberno bipartito na Estrada.

***Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Non hai máis preguntas, posto que a resposta é sempre a mesma para todas, e entón non hai máis preguntas.*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e dez minutos.

A Estrada, 1 de setembro de 2011
O Secretario

Asdo.: José Naveira González